

I. DISPOSICIÓN XERAIS

BANCO DE ESPAÑA

5749 *Circular 2/2015, do 22 de maio, do Banco de España, sobre normas para o envío ao Banco de España das estatísticas de pagamentos e sistemas de pagamentos recollidas no Regulamento (UE) 1409/2013, do Banco Central Europeo, do 28 de novembro de 2013, sobre estatísticas de pagamentos por parte dos provedores de servizos de pagamento e dos operadores de sistemas de pagamento.*

O Regulamento (UE) 1409/2013 do Banco Central Europeo, do 28 de novembro de 2013, sobre estatísticas de pagamentos, establece que o Banco Central Europeo (BCE), en colaboración cos bancos centrais nacionais, recompilará información sobre pagamentos e sistemas de pagamento con obxecto de realizar as funcións do Sistema Europeo de Bancos Centrais (SEBC) e facer un seguimento da evolución dos mercados de pagamentos nos Estados membros.

De conformidade co artigo 3.2 do Regulamento (UE) n.º 1409/2013 antes citado, os bancos centrais nacionais establecerán, de acordo coas especificidades nacionais, os procedementos de presentación de información que deberá seguir a poboación informadora real. Así mesmo, de acordo co artigo 6.2 do mesmo regulamento, os bancos centrais nacionais deberán decidir cando e con que periodicidade necesitan recibir os datos dos axentes informadores co fin de cumprir o prazo de transmisión da información ao BCE. Para dar cumprimento a esta normativa, dítase a presente circular en virtude da habilitación contida nos artigos sinalados.

En consecuencia, en uso das facultades que ten conferidas, o Consello de Goberno do Banco de España, por proposta da Comisión Executiva, e de acordo co Consello de Estado, aprobou a presente circular, que contén as seguintes normas:

Norma primeira. *Obriga de informar (axentes informadores).*

Quedan sometidos ao disposto na presente circular:

1. Os provedores de servizos de pagamento con establecemento en España inscritos nos rexistros oficiais do Banco de España.
2. Os operadores de sistemas de pagamento establecidos en España.

Ambos forman a poboación informadora real para os efectos desta circular e desempeñarán en todo momento a condición de declarante e, con carácter xeral, a de remitente.

Non obstante, os provedores de servizos de pagamento citados no número 1 anterior poderán remitir a súa información a través doutro provedor de servizos de pagamento que estea debidamente autorizado a remitir a información no seu nome e representación, de conformidade co procedemento que se determine nas correspondentes aplicacións técnicas.

Así mesmo, os provedores de servizos de pagamento citados no número 1 anterior que estean adheridos a un sistema de tarxetas de pagamento cuadripartito remitirán a información sobre tarxetas de pagamento, os dispositivos que as acepten e a operativa realizada cos ditos instrumentos, a través da sociedade xestora do dito sistema, nos supostos e termos previstos nas aplicacións técnicas de desenvolvemento desta circular e sempre que o Banco de España manteña acordos para o efecto con tales sociedades.

Norma segunda. *Exención da obriga de información.*

Os provedores de servizos de pagamento que cumpran os requisitos establecidos no artigo 4 do Regulamento (UE) n.º 1409/2013 poderán solicitar a exención total ou parcial da obriga de declarar a información contida nesta circular, conforme o procedemento que para tal efecto se estableza nas correspondentes aplicacións técnicas. O Banco de España soamente poderá conceder exencións aos provedores de servizos de pagamento que, cumprindo os requisitos anteriores, non contribúen ao seu xuízo a unha cobertura estatisticamente significativa a nivel nacional das operacións de pagamento por cada tipo de servizo de pagamento.

No caso de non ter realizado ningún dos servizos de pagamento contidos no anexo III do Regulamento (UE) n.º 1409/2013, a obriga do provedor de servizos de pagamento quedará limitada a notificar a dita circunstancia ao Banco de España na forma establecida nas aplicacións técnicas de desenvolvemento desta circular.

Norma terceira. *Contido e periodicidade de presentación da información.*

1. Sen prexuízo do disposto na norma anterior, os axentes informadores deberán proporcionar ao Banco de España a totalidade da información estatística contida no anexo III do Regulamento (UE) n.º 1409/2013. Non obstante o anterior, o Banco de España poderá determinar que os axentes informadores non teñan que remitir a información que xa posúa por outros mecanismos de recompilación de información estatística. Todo isto nos termos e nas condicións e co alcance que se estableza nas aplicacións técnicas de desenvolvemento.

2. Os axentes informadores proporcionarán, con periodicidade anual, a información estatística referida ao ano natural precedente e presentarána ao Banco de España antes do último día hábil do mes de marzo do seguinte ano.

Norma cuarta. *Presentación da información.*

Co fin de permitir o tratamento automatizado da información, esta deberase presentar por medios telemáticos. A dita información remitirase ao Departamento de Sistemas de Pagamento do Banco de España de conformidade cos formatos, coas condicións e cos requisitos establecidos nas aplicacións técnicas correspondentes. Unha versión actualizada das ditas especificacións manterase no sitio web do Banco de España, de libre acceso na internet.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor e primeira presentación de información.*

Esta circular entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Malia o disposto na norma terceira, establécese como primeiro período de presentación de información o comprendido entre o 1 de xullo e o 31 de decembro de 2014 e débesele proporcionar ao Banco de España a dita información, como máis tarde, o último día hábil do mes de maio de 2015.

Madrid, 22 de maio de 2015.–O gobernador do Banco de España, Luis María Linde de Castro.